



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Durán Loíga, 3  
15003 A CORUÑA  
Teléfono: 981155800 - Fax: 981155801  
www.sergas.es

galicia

Nº de expediente: SA301A 2015/12-1

Vista a solicitude co rexistro de entrada neste departamento territorial nº 28321 de data 18/12/2014, e formulada por BENJAMIN ABARCA BUJAN, na que se solicita o recoñecemento de interese sanitario para XXII CONGRESO NACIONAL DE MEDICINA GENERAL Y DE FAMILIA, organizado por SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MEDICOS GENERALES Y DE FAMILIA

**RESULTANDO:** Que o informe do Servizo de Xestión emítese en sentido favorable ao solicitado.

**CONSIDERANDO:** Que este Departamento Territorial de Sanidade da Coruña é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta de conformidade co disposto no artigo 2º da Orde do 7 de maio de 1992, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico, e o Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación:

#### RESOLVO:

1º.- Outorgar o recoñecemento de interese sanitario a XXII CONGRESO NACIONAL DE MEDICINA GENERAL Y DE FAMILIA, organizado por SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MEDICOS GENERALES Y DE FAMILIA, que se vai celebrar en PALEXCO - A CORUÑA, dende o 28/05/2015 ata o 30/05/2015.

2º.- Ordear a súa inclusión no rexistro de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas do Servizo de Xestión.

O dito recoñecemento, segundo o disposto no artigo 6º da orde citada, implica a obriga para o comité organizador ou, en todo caso, os órganos de dirección da asociación ou entidade organizadora do acto, de remitir a este departamento territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.

Contra esta resolución poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA ante a Sra. Conselleira de Sanidade no prazo de **1 mes**, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de conformidade co estipulado nos arts. 114 e 115 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro,



A CORUÑA, 16 de xaneiro de 2015

A xefa territorial

**P.A. A Xefa do Servizo de Xestión**

(art. 19.3 Decreto 41/2013 do 21 de febreiro de estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, modificado polo Decreto 33/2014)

Cristina Pérez Fernández

Marta Gil Pérez